

**Porque estimula a creatividade,
a fantasía, agudiza o enxeño,
crea pensamento e sobre todo
permite soñar outros mundos...**

eu  **ler**
A CORUÑA CULTURA 2011



BIBLIOTECA MUNICIPAL DO CASTRILLÓN

Praza Pablo Iglesias s/n. 15009 A Coruña
Teléfono: 981 184 390. Fax: 981 184 391.
Correo electrónico: bcastrillon@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ESTUDOS LOCAIS

Rúa Durán Loriga, 10, 1º - 15003 A Coruña
Teléfono: 981 184 200 (Ext.: 16091) -
981 184 386 . Fax: 981 184 385.
Correo electrónico: bestudiosl@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL FÓRUM METROPOLITANO

Rúa Río Monelos, s/n - 15006 A Coruña
Teléfono: 981 184 298 Fax: 981 184 295.
Correo electrónico: bforum@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL INFANTIL E XUVENIL

Rúa Durán Loriga, 10, baixo - 15003 A Coruña
Teléfono: 981 184 388. Fax: 981 184 385.
Correo electrónico: binfantil@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MONTE ALTO

Vereda del Polvorín 2, 3º - 15002 A Coruña
Teléfono: 981 184 382 Fax: 981 184 383.
Correo electrónico: bmontealto@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL SAGRADA FAMILIA

Rúa Antonio Pereira 1, baixo - 15007 A Coruña
Teléfono: 981 184 392 Fax: 981 184 393.
Correo electrónico: bsagradaf@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL OS ROSALES

Praza Elíptica, 1 - 15011 A Coruña
Teléfono: 981 900 719
Correo electrónico: brosales@coruna.es

**PRÓXIMAMENTE APERTURA
BIBLIOTECA ÁGORA**

Contacta connosco:
bibliotecas@coruna.es



AS BIBLIOTECAS NA REDE

Fancómic, blog de cómic:

bijcomic.blogspot.com

Ciberclub, Club de lectura:

ciberclub.blogspot.com

C.C.I Ciencia e investigación:

cci-biblio.blogspot.com

Corto e cambio, blog de literatura:

peacarbollo.wordpress.com

Galicia móvese, cultura galega:

galiciamovese.wordpress.com

**Outras
bibliotecas
públicas**

FUNDACIÓN BIBLIOTECA DA CASA CONSULADO

Rúa Panadeiras, 58 - 15001 A Coruña
Teléfono: 981 206 274. Correo electrónico:
bibliocasaconsulado@gmail.com

BIBLIOTECA PÚBLICA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Rúa Miguel González Garcés, 1 - 15008 A Coruña
Teléfonos: 981 170 218 /981 170 219.
Fax: 981 170 218 - 981 170 219
Correo electrónico: bppmgonzalezgarcés@xunta.es

BIBLIOTECA PROVINCIAL DA CORUÑA

Rúa Rego de Auga, 37 - 15001 A Coruña
Teléfono: 981 080 342. Fax: 981 080 344.
Correo electrónico: biblioteca.arquivo@dicoruna.es



eu  **ler**
A CORUÑA CULTURA 2011

 **Bibliotecas
Municipais
da Coruña**

A CORUÑA CULTURA
*tamén é
cousa túa*


Concello da Coruña
Concellería de Cultura

Actividades para adultos nas Bibliotecas

“Entre o universo e a tinta”

Recital e coloquio literario con proxeccións en vídeo. Estíbaliz Espinosa. **BIBLIOTECA:** FORUM: XOVES 28 DE ABRIL.

17 de maio Día das letras Galegas na Biblioteca Os Rosales

Espazo expositivo de Galicia Móvese: LOIS PEREIRO. No espazo expositivo Virtual: Unha proxección do artista e a súa obra. No espazo físico: Mostra bibliográfica (libros, documentais, etc.)

ESPAZO EXPOSITIVO de Galicia Móvese: MACUF

No espazo expositivo Virtual: Unha proxección a modo de documental / entrevista sobre o Macuf. No espazo expositivo físico: Unha mostra de catálogos e obra bibliográfica sobre os artistas que durante este último ano expuxeron neste museo. **BIBLIOTECA:** OS ROSALES: LUNS 23 DE MAIO.

Club de lectura

Reúne periodicamente a grupos de persoas amantes da lectura, para comentar e valorar un libro proporcionado polas Bibliotecas Municipais e coa axuda dun coordinador/a. **BIBLIOTECAS:** CASTRILLÓN: TODOS OS MÉRCORES DE MES. FORUM: TODOS OS MARTES DE MAÑÁ E OS MÉRCORES POLA TARDE. MONTE ALTO: TODOS OS MARTES DE MES.

Obradoiro: “Érase unha vez o cine...”

Ciclo de introdución á historia do cine en seis sesión, no que se levará a cabo un achegamento ao nacemento e ao desenvolvemento da súa linguaxe narrativa, a través do visionado comentado de fragmentos de películas. **BIBLIOTECA:** OS ROSALES. ATÉ O SÁBADO 11 DE XUÑO.

Presentación do libro “Vivir, unha aventura irrepelible”

Trátase da biografía de M^a do Carme Kruckemberg realizada por Mercedes Queixas Zas e editada por Galaxia. Participan no acto Francisco Castro, editor, a autora Mercedes Queixas e M^a do Carme Krukemberg. **BIBLIOTECA:** DE ESTUDOS LOCAIS. LUNS 25 DE ABRIL.



Actividades para os máis pequenos

Merendas con Contos

Fuco Ratapón e a súa familia convidánnos a degustar unha succulenta merenda nas Bibliotecas Municipais. O menú, como non: CONTOS... de aquí e de alá, de antes e de agora, que lle contaron ou que ten lido. Non faltes á cita.



Os nosos contos

Dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 11 anos que visitan habitualmente a biblioteca do Forum Metropolitano. **BIBLIOTECA:** FORUM: VENRES 20 DE MAIO.

Bebeteca

BIBLIOTECAS: OS ROSALES. “BBENCONTRO”: OS SÁBADOS 30 DE ABRIL E 21 DE MAIO. FORUM: “SOMOS AZUIS”; “SOMOS LILAS”; “SOMOS VERDES”; “SOMOS NEGROS”. SÁBADO 30 DE ABRIL, SÁBADOS 14 E 28 DE MAIO E 4 DE XUÑO.

Caramuxo teatro: “Glub, glub”

Unha montaxe para pequenos de seis meses a tres anos acompañados por adultos. Glub, glub conta a historia de amizade entre un barquiño de papel afundido no fondo do mar e un peixe xoguetón. Unha montaxe chea de estímulos e cunha linguaxe sinxela, case xestual que introduce aos máis novos nunha aventura fantástica e sorprendente. Unha oportunidade para gozar cos fillos e fillas da primeira viaxe polo mundo do teatro. **BIBLIOTECA:** OS ROSALES: O MÉRCORES 11 DE MAIO ÁS 17.30 E ÁS 19.00 H.

Mostras Bibliográficas e Exposicións

FORUM: “De Dragóns e Heroes”. ATÉ O SÁBADO 30 DE ABRIL. INFANTIL E XUVENIL: “O libro lembra”. ATÉ O LUNS 25 DE ABRIL.

Obradoiro de escritura creativa

Obradoiro para mozos e mozas maiores de 14 anos que se queiran introducir no mundo da creación literaria. **BIBLIOTECA:** INFANTIL E XUVENIL: OS LUNS 2, 9, 16, 23 E 30 DE MAIO.

BIBLIOTECAS:

INFANTIL E XUVENIL: O SÁBADO 14 DE MAIO. SAGRADA FAMILIA: O MARTES 3 E O LUNS 16 DE MAIO. MONTE ALTO: OS MÉRCORES 4 E 18 DE MAIO. CASTRILLÓN: OS XOVES 5 E 19 DE MAIO. OS ROSALES: OS VENRES 6 E 20 DE MAIO. FORUM: OS SÁBADOS 7 E 21 DE MAIO.

Xuntos por Xapón

Acto solidario con Xapón na Biblioteca dos Rosales. Ven facer grúas de papel, estas figuras de origami, e xuntos deixaremos voar os nosos desexos até Xapón.

BIBLIOTECA: OS ROSALES: XOVES 5 DE MAIO ÁS 18:30H

Club de Ciencia e Investigación (CCI).

No CCI reúnen rapaces e rapazas de entre 9 e 13 anos que teñan espírito aventureiro e curiosidade científica. Este ano conmemoramos o Ano Internacional da Química.

BIBLIOTECA: FORUM: O SÁBADO 7 DE MAIO. INFANTIL E XUVENIL: O SÁBADO 14 DE MAIO.

3º Concurso de Contos Os Rosales

No marco das festas do barrio e en colaboración coa Asociación de veciños, celebraremos a terceira edición do concurso de contos para nenos e nenas. ENTREGA DE PREMIOS O LUNS 30 DE MAIO NA SALA INFANTIL.

estamos de festa!

Festa do libro

Organizada pola Agrupación de Libreiros da cidade do 13 ao 17 de maio nos Xardíns de Méndez Núñez. **Achégate a mercar o teu libro e gozar das actividades!**

Os libros saen á rúa

As bibliotecas levan os libros a outros espazos, **estarán o mércores 27 de abril na estación de autobuses e na estación de ferrocarril de 11 a 19 horas.**

Caseta de atención Primaria

As Bibliotecas Municipais terán un consultorio lector na Festa do Libro para atender todas as doenzas relacionadas coa literatura. **Consellos para mercar o libro máis acaído, a importancia da lectura... e todo o que queiras preguntar.**

Outras actividades:

Salas de Exposicións:

O DESEMBARCO DOS 80. A actividade cultural na Coruña dos anos oitenta. A revista La Naval e Homenaxe a Lois Pereiro. Sala de exposicións da Casa do Concello. **ELOS.** Corenta e sete fotografías en diálogo coa palabra, de Paula Gómez del Valle. Sala de exposicións Casa da Cultura Salvador de Madariaga. **DE LIBROS E DE ARTISTAS.** Inauguración Sábado 14 de maio na Galería COLECCIONan ESPACIO DE ARTE (Trav. do Orzán, s/n)

Teatro:

Teatro Rosalía Castro: **LA VIOLACIÓN DE LUCRECIA**, de William Shakespeare. Do 29 de abril ao 1 de maio. Forum Metropolitano: **A VERDADEIRA HISTORIA DOS TRES PORQUIÑOS E O LOBO FERROZ.** Teatro del Andamio. Día 14 de maio ás 19:00 horas.

Concertos:

CONCERTO EXPANSIVO EN HOMENAXE A LOIS PEREIRO Duplo Son e Loretta Martin. XOVES 12 DE MAIO NO CÁRCERE ÁS 21:00H. **CONTOS DO MUNDO: HISTORIA DUN HOME FELIZ** [creación musical de Arama Khachaturian, Komidas e Ara Malikian]. SÁBADO 7 DE MAIO. TEATRO ROSALÍA CASTRO.

IV Encontro Cidade da Coruña:

CHARLA DE ANTONIO GAMONEDA: “DA NATUREZA E A XERACIÓN DO PENSAMENTO. LINGUAXE POÉTICA”. Venres 29 de abril ás 20 horas na Real Academia Galega. Organiza AELG.

Poetas di(n)versos:

Recital de peche do ciclo Poetas di(n)versos que se ven celebrando nos últimos meses na Casa da Cultura Salvador de Madariaga. **Poetas: Carlos Marzal e Ana Romani.** Luns 23 de maio ás 20.30 horas.

Cinema no Forum:

CICLO CINE E LITERATURA. A partir do 24 de abril, na Sala Marilyn Monroe.

Concurso de fotografía “VER UN LIBRO”:

As fotografías deben reflectir unha recreación, unha impresión, unha escenificación, dun libro ou dun fragmento dun libro de ficción, dun personaxe, dunha situación, dun diálogo ou calquera outro aspecto dunha obra literaria. **Escolle a túa obra preferida, popular ou non, de calquera orixe ou época, e ponla en imaxes. Convocatoria do 23 ao 30 de abril. Prazo de envío das fotografías, do 1 de maio ao 5 de xuño do 2011.** A publicación das persoas gañadoras farase do 13 ao 19 de xuño do 2011. Entrega de premios na semana do 20 ao 25 de xuño nunha biblioteca ou local anunciado con antelación.

